

# A VISIÓN DA PEQUENA MAKENA

Chego a un lugar abarrotado de edificios e de coches. É moi ruidoso, hai moita xente, todos parecen ter presión.

Na miña aldea a vida desenvólvese de forma pausada. Non hai coches, como moito algún rapaz ten unha moto para ir ao pobo.

Por que aquí ninguén se parece a min?

A xente mírame con curiosidade e eu míroos a eles igual. Nunca vin nada semellante...

Todos son brancos! Que foi de aquel lugar onde vivía? Alí hai máis nenos iguais ca min.

Alí non chamaba a atención... Por que non podo saír á rúa soa e correr pola cidade como facía na miña aldea?

Desde que saín da miña casa acompañárame dúas persoas, un home e unha muller. Eles foron quen me trouxeron a este lugar tan extraño e abarrotado. Son iguais as resto das persoas que viven aquí, da mesma cor.

Dinme que lles chame mamá e papá, aínda non entendo por que...

Trátame moi ben e cóidame moito, pero bota de menos a miña casa.

FIN